

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de febreiro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

- Aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 5, 12, 19 e 26 de xaneiro de 2022.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para legalización da ampliación dunha explotación de pavos existente en Airexe-Labio (exp. 299/17); para rehabilitación de vivenda tradicional en vilar, número 9, San Lourenzo de Recimil (exp. 2020/Y001/000219); para substitución de cuberta existente, modificando a cubrición, illamento, estrutura, canlóns, baixantes e chemineas, e substitución de carpintería na fachada principal no núcleo rural de Cambra, parroquia de San Xoán do Campo (exp. 2022/Y001/000035); para reestruturación maioritaria, readaptación e instalación de ascensor en edificio da rúa San Pedro, número 35 (exp. 2021/Y001/000220); para modificación de planta soto para situar un portal, a ampliación de planta baixa para ampliar unha vivenda e cambiar o uso do local comercial por dúas vivendas (total 20 vivendas), no edificio con licenza anterior 295/93, na rúa Madenela, número 49-51 (exp. 347/96); para a demolición dunha nave industrial, na rúa dos Canteiros, número 14 (exp. 2021/Y001/000327).

Acórdase a denegación de licenza urbanística para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa no núcleo rural tradicional de Xuxaos+ Torre, parroquia de San Miguel de Orbazai (exp. 2020/Y001/000272).

**2. PLANEAMENTO.-** .Aprobase no Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable S-5.I do PXOM vixente a solicitude ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana do informe previo á aprobación inicial previsto no artigo 7.2 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2491760246895296312.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-2-2022

Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle redactado para a ordenación de volumes na "parcela T" do Parque Empresarial das Gándaras, que modifica o anteriormente aprobado definitivamente polo acordo plenario do 3 de decembro de 2012.

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno local do 17 de marzo de 2021, número 6/146, procedemento de licitación para a concesión demanial de postos de venda no mercado de Quiroga Ballesteros e na praza municipal do Concello de Lugo exp. ref. 2019-069.

Tamén se acorda a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería anexa á piscina municipal cuberta "As Pedreiras", exp. ref. 2020-C005- 000008, polo período comprendido entre o 1 de decembro de 2021 e o 30 de novembro de 2022.

Así mesmo acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería sita no complexo deportivo da piscina municipal cuberta do parque da Milagrosa exp. ref. 2020-C005-000005, polo período comprendido entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.

Tamén se acorda a segunda prórroga dos contratos asinados para a contratación mediante catro lotes do servizo de roza en pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo (exp. ref. 2020/C003/000008, para o ano 2022).

Do mesmo xeito, acórdase a prórroga do contrato dende o 10/03/2022 ata o 09/03/2023 no servizo bancario de instalación de terminais de punto de venda nas dependencias municipais do excelentísimo Concello de Lugo (exp. ref. 2019-043).

Acórdase a prórroga do contrato dende o 27/02/2022 ata o 26/02/2023 na contratación do servizo de soporte e mantemento da plataforma de e-admon para os compoñentes Tecol (tramitador de expedientes) e Secol (sede electrónica). exp. ref. 2020-C003-000063.

**4. PERSOAL.-** Acórdase a cobertura temporal en comisión de servizos do posto de encargado/a fogar transeúnte do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase adiar a proposta de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de arquitecto/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de

Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2018).

Tamén se acorda adiar a proposta de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto/a técnico/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (ope 2017).

Acórdase aprobar o compromiso de incorporación dunha praza de auxiliar administrativo/a (tesourería) na próxima oferta pública de emprego deste Concello para o ano 2022.

#### ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

**5. INTERVENCIÓN.-** Acórdase o manual do procedemento de tramitación electrónica dos contratos menores no Concello de Lugo.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**